



CPR San Fermín

Centro concertado e plurilingüe

PP. SOMASCOS
C/ Fermín Mosquera, 2
36650 CALDAS DE REIS
(Pontevedra)

☎ 986.54.00.75

Fax 986.54.04.18

Email: csanfermin@planalfa.es

Web: www.csanfermincaldas.es

EXTRACTO DO REGULAMENTO DO TRANSPORTE

Art. 8 Deberes dos alumnos-as do transporte escolar

- Os usuarios do transporte deben subir ó autobús ao finalizar o período lectivo ou de actividades complementarias ou extraescolares, agás se **traen unha autorización escrita dos pais**, nais ou titores legais que exprese o contrario. Nestes casos, a responsabilidade do alumnado pasaría a cada familia.
- Cumprirán estritamente os horarios do servizo, tanto á ida como á volta do centro.
- Deberán facer uso do transporte escolar, tanto para ir ao centro como para voltar. As ausencias deberán ser xustificadas ao acompañante ou condutor de cada vehículo. Considéranse **faltas xustificadas: enfermidade grave do alumno/a ou dun familiar, enfermidade leve, morte dun familiar, expulsión cautelar, deberes inexcusables (Citación xudicial...)**.
- Durante o tempo do transporte escolar, o alumnado estará suxeito á normativa que establece o presente regulamento que forma parte do Regulamento de Réxime Interno do Centro, o cal deben coñecer e respectar.
- Levar consigo o carné do transporte dado pola empresa**, podendo ser requirido en calquera momento por calquera persoa.
- O alumnado deberá estar na parada asignada con anterioridade á hora acordada para a chegada do autobús, de tal xeito que non se altere o percorrido habitual da ruta.
- Deberá manter en todo momento, un comportamento axeitado, falar en ton moderado, respectando a tódolos membros presentes así como ao propio vehículo, non producindo danos ou desperfectos no mesmo. Non molestarán ni distraerán a atención do condutor.
- Non está permitido consumir alimentos, así como fumar nin tomar calquera tipo de substancia ilegal no interior do autobús.**
- Baixo ningún concepto, está permitido manipular os mecanismos de seguridade do vehículo (extintores, cinturons de seguridade, martelos rompelúas,...).**
- Non está permitido, tanto nas paradas como durante o transporte, abri-las ventás, saca-la cabeza polas mesmas, arroxar obxectos ao exterior, ir de pé nos asentos, correr polo corredor, sentarse no chan ou escalóns do autobús.
- Deberase subir ou baixar do vehículo de xeito ordenado e coa compostura axeitada. Ademais, deberase tomar asento de xeito correcto e sen poñer os pés no asento dianteiro ou sacalos ao corredor. A mochila así como calquera outro material que poida transportar, manterase nos pés ou no colo.
- Terase unha actitude de respecto cara os demais compañeiros-as. Este respecto debe ser tanto de palabras (alcumes-insultos...), como de xestos e de accións.**
- Deberán seguir en todo momento as instrucións que marca o condutor do autobús ou acompañante, responsable do cumprimento das normas de convivencia dentro do autobús.**

Art. 9 Deberes das familias ou titores legais

- Avisa-lo acompañante e/ou condutor (empresa) ou o centro no caso de non facer uso do servizo en calquera momento.**
- Procurar que o alumnado ó seu cargo se presente na parada con anterioridade á hora acordada para a chegada do autobús, de tal maneira que non se altere o percorrido habitual da ruta.
- Recordar aos fillos/as as normas de convivencia no transporte escolar.**
- Manter un trato respectuoso con condutores, acompañantes e estudantes.
- Responsabilizarse do coidado dos seus fillos/as ata que accedan ó autobús e desde que baixan del.**
- Comunicar o antes posible, calquera modificación referida ó domicilio habitual e, sobre todo, aos teléfonos de contacto (tanto á dirección do centro como á empresa que realiza o servizo).
- Comunicar á dirección do centro calquera incidencia relacionada co transporte escolar.**
- Asumi-los custos de reparación daqueles danos materiais que causaran os seus fillos/as aos vehículos.**
- Poñerse de acordo coa dirección do centro cando os fillos por calquera circunstancia non colleran o autobús cando rematan as clases.**
- Coñecer e respectar este regulamento.

Art. 10 Condutas contrarias ás normas de convivencia no transporte escolar

- Perde-lo autobús escolar voluntariamente e faltar, sen xustificar, de maneira reiterada.
- Non permanecer sentado e co cinturón de seguridade posto, se o houbera, durante o traxecto.
- Abri-las xanelas, saca-la cabeza polas mesmas, arroxar obxectos ao exterior, ir de pé, correr polo corredor do autobús, sentarse no chan ou escaleiras do autobús.
- Molestar ou distrae-la atención do condutor, así como perturbar ou molestar aos outros alumnos/as.
- Desobedece-las instrucións do acompañante ou condutor.
- Agredir física ou verbalmente a calquera usuario do transporte.
- Berrar durante o transporte.
- Consumir alimentos así como fumar ou consumir substancias ilegais no interior do autobús.
- Insultar ou atentar contra a dignidade dos compañeiros, condutor e/ou acompañante.

- Causar danos ó vehículo. Segundo o grao de desfeita e intencionalidade, pódese considerar unha falta de conduta de carácter leve, grave ou que prexudique gravemente a convivencia.
- Manipula-los mecanismos de seguridade do vehículo.
- Substraer as pertenzas dos usuarios do transporte, acompañante e/ou condutor, así como calquera outro material que se encontre no vehículo.
- Cometer actos que poidan afecta-la seguridade do transporte, así como dos usuarios dos mesmos.
- Calquera outra incidencia voluntaria que perturbe o normal desenrolo do servizo escolar. Segundo o grao de intencionalidade e do acto en si, pódese considerar de falta leve, grave ou moi grave.
- Se se presentaran situacións de incumprimento ó presente regulamento, a acompañante deberá informar inmediatamente por teléfono ou por escrito á dirección do centro, quen, asesorada pola Comisión da Convivencia, imporá as medidas correctoras correspondentes.

Art. 11 Medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia no transporte escolar.

As faltas corrixiranse segundo o Regulamento de Réxime Interno.

As faltas tipifícanse como:

- **Leves:** sancionaranse directamente con amoestación ‘verbal’ ou por escrito, realización da tarefa correspondente e notificación á familia.
- **Faltas Graves:** sancionaranse coa perda temporal do dereito á utilización do Servizo de transporte, por un máximo de tres días, así mesmo notificárase previamente á familia para o seu coñecemento e presentación das alegacións que estimen pertinentes.
- **Faltas moi graves:** sancionaranse coa **suspensión definitiva do dereito á utilización do servizo de transporte**, tendo que responsabilizarse a familia do alumno para o traslado do alumno ó centro pola súa conta.

* O Regulamento na súa totalidade atópase a disposición da Comunidade Educativa na Secretaría do Centro.

RUTAS E PARADAS

As rutas dos autobuses son:

VILAGARCIA e PONTECESURES

Art. 4 Paradas e puntos de recollida

<u>CESURES</u>	<u>VILAGARCIA</u>
Cordeiro-Ferreirós (Párase diante de tres casas en paradas de carretera)	Iglesia Parroquial
Fábrica de Ormadisa	Gasolinera Vilagarcía
Bar Couceiro	As Carolinas
Bar Gina	Vilanoviña en Bar Samuel
Lugar A Charca	Cruce de A Goulla
Porta Raxoi	En Romai dúas paradas: unha en A Costa e outra en Tele Club.
Plazuela de Cesures	
Casa Castaño	
Ferretería As Rías	
Redondo	
Parada de Taxis de Valga	
Medela - Entrada a Xanza	
Carracedo diante da panadería	